

OS MODELOS ORAIS NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Antón Dobao

CRTVG

Son vinte e dous ou vinte e tres anos os que leva funcionando a TVG, emitindo desde hai tempo as vinte e catro horas do día en galego, se descontamos parte da publicidade, uns cantos convidados, especialistas varios e, mesmo, nun pasado non remoto, as películas aquelas de Cantinflas ás que tan afeccionados eran algúns dos directivos do noso medio público. Contra todos os indicios, mesmo quizais a pesar dalgún proxecto hoxe se cadra xa abandonado, a TVG mantívose durante estes anos que en pouco tempo culminarán o cuarto de século, ou sexa, unha xeración ou así, como un medio monolingüe. En galego. Na era da comunicación masiva, o único medio audiovisual monolingüe en galego. E este é un dato moi digno de ter en conta. Un dato crucial. A carón deste tempo todo, a outra póla dos nosos medios públicos, a Radio Galega, tamén se mantén como a única emisora nacional monolingüe en galego.

Ao pé da Radio Galega e mais da TVG, temos algunhas exiguas experiencias locais e unha presenza litúrxica, testemuñal, nalgunhas emisoras comerciais, probablemente as máis das veces relacionada con subvencións públicas. Algún informativo, un programa e, normalmente, o cambio de lingua cando un entrevistado teima no uso do galego. No tocante ás cadeas de televisión, á parte das xa coñecidas desconexións do centro territorial de Televisión Española, o deserto é interminable. A ausencia do galego é abafante. Nin a televisión dixital terrestre (TDT) trouxo polo de agora variacións positivas. Nin as cadeas estatais parecen dispostas a dar pasos na incorporación do galego ás súas emisións (ben mediante programas específicos e desconexións, ben mediante opcións de dobraxe e/ou subtítulos de películas e series que a TDT permitiría) nin tampouco a CRTVG se decidiu polo de agora a asumir en serio a creación dunha segunda canle de verdade para a TVG e para a Radio Galega. No tocante aos medios de comunicación masiva, valla esta descrición superficial do escenario en que se representa a caracterización do discurso oral público galego.

Falamos dos modelos orais de galego nos medios de comunicación implica en realidade cinxirnos case que exclusivamente aos modelos orais da TVG e da RG e, por tanto, ás políticas lingüísticas executadas na CRTVG, aos obxectivos que procuran e aos medios que poñen en xogo. Esta perspectiva de debate, amais de recorrente, segue a ser, segundo a miña experiencia, un pouco deprimente a priori. Veremos máis adiante se efectivamente é así ou se cabe adiviñar indicios que nos permitan ser máis optimistas. Eu levo vinte e un anos traballando na TVG, ininterrompidos, e quizais esa constancia e esa reiteración axudan a que a miña visión, sen que se preste a demasiados alardes de optimismo, procure sempre ocos na realidade polos que ir introducindo elementos de transformación e pequenos pasos adiante. Sexa como for, tampouco ha de ser moi xusto que todas as acusacións relacionadas coas nosas esperanzas frustradas recaian na conta da TVG e da RG. Os nosos medios públicos, que por seren públicos son nosos, e isto é moi importante telo sempre en conta, son apenas dous illotes no bravo mar da comunicación masiva, que só fala e entende castelán. Somos, pois, pouca cousa. En realidade, a presenza do galego na comunicación masiva é cuantitativamente testemuñal. Outra cousa é que, se cadra, cualitativamente é (ou debera selo) moito máis influente do que poderíamos pensar. Debera selo, ou sexa, en realidade os nosos medios públicos non parecen chegar a adquirir a importancia cualitativa que deberan. Seguramente porque as súas emisións seguen sen arriscar máis aló dunha dependencia submisiva dos índices de audiencia. Seguramente, tamén, porque entre a TVG (e a RG) e os sectores máis vangardistas das nosas diferentes manifestacións culturais existe unha separación que por momentos parece insalvable. Seguramente tamén porque os principais partidos, os tres partidos parlamentarios, carecen dun modelo de medios de comunicación públicos, pois só os conciben como instrumentos de representación, influencia e propaganda, máis preocupados polo tempo que os informativos lle dedican a cada un dos líderes que polas súas capacidades culturais (no máis amplo sentido). Seguramente, sen dúbida, porque derivado de todo o anterior, a TVG e a RG levan vinte e tantos anos sen daren xerado universos simbólicos propios, identificadores, próximos aos nosos intereses, aos nosos desexos, aos nosos gustos e necesidades, distanciados, por tanto, dos modelos que imponen as canles comerciais (e tamén públicas) españolas. Se cadra a mímese é unha guía que nos acompaña desde a fundación.

Todo isto, é certo, é asunto doutro debate. Pero a min paréceme necesario abrir esta intervención con unha proposta de reflexión arredor das funcións, hoxe, dos nosos medios públicos, máis alá dos tópicos que levamos tanto tempo escoitando —e dicindo— sen que ofrezan máis contido ca un fascinio un pouco parvo pola simboloxía de certas expresións. Porque desde

o meu punto de vista, a falta de autenticidade que, adiantémolo xa, caracteriza os modelos de oralidade dos medios de comunicación, ou sexa, da Radio Galega e da TVG basicamente, ten tamén unha relación moi directa coa mesma falta de autenticidade que caracteriza unha moi boa parte das emisións televisivas e radiofónicas. Por resumilo, e quizais caendo case sen pudor na caricatura, podemos dicir que os universos simbólicos de referencia para os nosos medios de comunicación viaxan entre a mímese e o pintoresquismo folclórico. Se cadra tamén os modelos de oralidade están en parte condenados a este mal. Ao mellor todo está dependendo da perspectiva coa que se asumen as realidades plurais de Galicia e dos galegos e galegas. Se nos vemos tal como somos e tal como queremos ser, quizais sexamos capaces de falar conforme á gramática dos suxeitos principais desa realidade que observamos; igual nos reconstruímos sobre a lingua que queremos e precisamos. Se nos miramos a través dun filtro que nos distancia de nós mesmos (porque non nos gustamos, porque nos gustan máis os outros) e tamén tende a deformarnos coa mesma desviación coa que nos observan aqueles que nos gustan máis ca nós mesmos, pois daquela, a lingua que falemos será directamente a deles, dos outros, ou ben tenderá a imitala no que poida, porque non deixará de ser a lingua de referencia. Quizais porque a nosa non nos gusta.

Resumindo. O mapa dos medios orais en Galicia inclúe a TVG e a Radio Galega como únicos medios que emiten toda a súa programación en galego. Nas radios de titularidade privada, a presenza do galego é anecdótica: algún informativo, algunha entrevista e uns poucos anuncios, os máis deles, institucionais; os que non, tendentes a furgar na hipercharacterización folclórica, pintoresca. No tocante ás televisións, xa o sabemos; presenza radical do castelán fronte á illa da TVG. Non sabemos cal vai ser a lingua das emisións das canles beneficiarias das concesións serodías do derradeiro goberno de Fraga Iribarne. Ora ben, tendo en conta os propietarios destas concesións, tampouco é que esteamos moi esperanzados co que está por vir. E esta é máis ou menos a situación. Non merece, creo eu, máis comentario.

Pero o obxectivo desta intervención non é coñecermos a distribución de uso das linguas na comunicación oral masiva en Galicia. O obxectivo é falar dos modelos de oralidade nos medios de comunicación. E a esa constrición quixen atender, aínda sendo consciente de que a caracterización deses modelos pode ser extremadamente doada e simple. E de moi breve descrição. Non precisamos demasiado tempo para falar destas cousas.

Podemos primeiro estudar as mensaxes orais dos medios, da TVG e da Radio Galega, maiormente, tal como dixemos, para caracterizar lingüística-

mente as súas estruturas discursivas. Podemos, a seguir, descender a análises pomenorizadas dos diferentes niveis do sistema lingüístico e dos seus usos, de como os articulamos para construír as diferentes mensaxes orais que caracterizan os discursos mediáticos. Podemos definir, daquela, o modelo implícito real dos medios de comunicación, o modelo, obviamente, non codificado, nunca explicitado, pero de evidentes motivacións que constantemente tenden a aboiar na superficie. Podemos despois analizar os trazos fonéticos e prosódicos dese modelo implícito. E analizar tamén trazos léxicos, semánticos e morfosintácticos. E a continuación analizar a variación interna do sistema neses usos e nese conxunto de mensaxes orais. E por último, tentar relacionar o corpus resultante coas dúas linguas en contacto en Galicia.

Podemos facer todo iso, mais nesta altura, cando levamos case un cuarto de século observando, analizando e vivindo como usuarios os discursos orais dos medios e mesmo esa macroestrutura que denominamos discurso oral público galego, temos a sensación, perigosa, é verdade, pero real, de certa perda de tempo na repetición do noso discurso e das análises que o motivan. E temos, canda esta sensación de reiteración, unha intuición que nos fala de inutilidade ou de ineficacia deste discurso, da preocupación mesma polos modelos de oralidade dos medios de comunicación. Ou sexa, dito con outras palabras, cada vez que temos a oportunidade de advertir publicamente da falta de autenticidade dos discursos orais públicos galegos, dos modelos de oralidade dos nosos medios de comunicación, terminamos coa sensación de que tal preocupación non termina de conectar coas preocupacións verdadeiras do común de galegos e galegas non só en relación cos nosos medios públicos (ou con outros ámbitos en que se actualiza o discurso oral público, como o teatro, a política, etc.), senón mesmo en relación coa propia lingua, coa necesidade de socializar usos auténticos e coa conveniencia de establecermos modelos de referencia en todos os niveis. Quizais é que estes asuntos non son tan importantes nin tan determinantes para o presente e para o futuro da lingua como a min me parecen.

En calquera caso, entendo que hoxe por hoxe non nos produciría demasiada controversia poñernos de acordo en xeral ao redor de cal é o modelo de oralidade dos medios de comunicación. Faríansen moi fácil ese acordo, e non nos tomaría moito tempo. Porque ao cabo, despois da experiencia de cada un de nós como falantes, como emisores e receptores de mensaxes orais, como coñecedores dun código común de comunicación que transcende como é lóxico as regras da escrita, terminaremos por concordar en que os medios de comunicación adoptan implicitamente (pero quizais conscientemente) para construír o seu modelo de comunicación coa sociedade non o que ofrece o galego popular nin o galego oral cultivado. Non. Os modelos de referencia dos que parten os modelos de oralidade dos nosos medios de

comunicación veñen, en todas as súas dimensións, do castelán. Podemos dicir sen risco a engano que é o castelán o verdadeiro modelo do discurso oral público galego.

Se tan axiña chegamos á conclusión de que a raíz dos modelos de oralidade dos medios de comunicación se alimenta no castelán, aparentemente pouco máis nos queda por engadir. No momento en que empezan a funcionar os medios públicos galegos, non existe en Galicia ningún ámbito de oralidade ao que os novos profesionais, seleccionados conforme a múltiples criterios pero ningún deles relacionado coa súa competencia lingüística, poidan acudir na procura de modelos. A maior parte dos profesionais relacionados coas emisións da TVG e da Radio Galega —incluímos aquí áreas coma os programas de lecer, os deportes, as dobraxes de películas, etc.— traen incorporados trazos lingüísticos do seu idioma de instalación, e a partir deses trazos lingüísticos, deses modelos de pronuncia, desas entoacións, desas seleccións estilísticas, van salpicando con formas lingüísticas do galego o que se vai ir constituíndo como discurso oral público. É dicir, un conxunto de mensaxes que achegan formas léxicas e gramaticais do galego ditas conforme modelos de expresión oral doutra lingua. A maiores, eses profesionais soamente coñecen un modelo de referencia, e este é o que se transmite nos medios de comunicación en español. Isto vale non soamente para os programas informativos, senón para a totalidade de emisións da radio e mais da televisión galegas. Nalgúns ámbitos, como por exemplo o da dobraxe, chegou mesmo a explicitarse a necesidade dun modelo que distanciase os modos de dicir das películas dos modos de dicir dos falantes reais. Chamáronlle acento neutro e opuxérono ao que despectivamente denominaban “galego dos Ancares”, “galego de Lugo” ou “galego de aldea”.

En oposición a ese modelo implícito que se foi construíndo lentamente houbo vontade de codificar outros modelos, unhas veces mediante a protesta pública, outras, mediante un traballo en condicións imposibles do equipo de lingüistas da Radio Galega e da TVG. Sexa por unhas causas ou por outras, o caso é que a correlación de forzas foi sempre pesadamente desfavorable á codificación e execución dun modelo de oralidade máis auténtico ou máis próximo ao galego.

Nestes vinte e tantos anos, houbo probablemente algúns avances, mais en xeral non se percibiron mudanzas radicais que nos puidesen levar a analizar con outros ollos os modelos de oralidade dos nosos medios masivos. O factor relacionado coa lingua de instalación dos profesionais segue tendo unha importancia notable, e en todo este tempo tampouco deron xurdido outros ámbitos de execución dun modelo diferente de discurso oral público que puideramos cualificar como máis identificado. Todo foi, pese ao esforzo

minoritario dalgúns, un deixarse escorrer na dozura dunha autocompracencia que podemos resumir máis ou menos da seguinte maneira: temos medios de comunicación monolingües, o galego ten acceso a eles, todo podía estar peor. E iso é certo. Pero quizais non suficiente. Tamén é verdade que da nosa parte, da parte dos que tiñamos unha responsabilidade maior sobre a configuración efectiva dese modelo, faltou algunha tarefa importante por culminar: entre elas, ocróreseme a nosa incapacidade ata o momento para chegar a unha codificación explícita do modelo de oralidade que entendemos como referencia necesaria para a elaboración das mensaxes orais nos nosos medios. Esa deficiencia esperamos contribuír a emendala nos próximos tempos.

Coincidamos en que non foi complicado chegarmos á conclusión de que o guieiro (implícito ou explícito) dos modelos de oralidade dos medios de comunicación en Galicia debemos rastrealo no castelán. Insistamos, con todo, en que esta afirmación case categórica non é simplemente un recurso para captar o interese dos receptores nin unha esaxeración retórica empregada para focalizar a atención nos problemas reais do discurso oral público galego na actualidade. Non. A experiencia de todos estes anos permítenos afirmar que o modelo de oralidade do castelán en España, o discurso oral público español, é a raíz e a referencia constante, case única, dos modelos de oralidade dos nosos medios e tamén da case totalidade do discurso oral público galego. Este feito é comprensible en parte porque aquel é o modelo realmente existente para os profesionais no momento en que se inician as emisións dos nosos medios; ademais, os profesionais de prestixio e por tanto de referencia proveñen tamén daquel ámbito. Mais non ten a súa orixe nunha escolla consciente entre os múltiples modelos posibles, se é que estes existisen. Nunca lle escoitamos a ningún Director Xeral da CRTVG, por exemplo, admitir publicamente, en comparecencia parlamentaria ou ante os medios de comunicación, que as características formais do discurso oral público español eran e tiñan que ser a referencia a partir da cal empezar a construír os nosos modelos de oralidade para os medios masivos. Nunca ninguén quixo dicir cousa parecida, aínda que son plenamente consciente de que a máis de un lle pasou e lle pasa pola cabeza esta escolla en forma de necesidade. Ou, por o dicirmos doutra maneira, hoxe por hoxe, aos usuarios —aos máis deles— non se lles ocorre outra posibilidade máis que acudir á única referencia que posúen de lingua oral culta sobre a que construír o edificio das súas mensaxes orais. Non o farán, seguramente, por ningunha razón que poidamos situar máis aló do descoñecemento ou do peso de prexuízos lingüísticos aínda non superados. Talvez non houbo máis opcións. Talvez mesturaron e mesturan os modelos de oralidade privada dos

seus propios ámbitos sociais de procedencia (maioritariamente castelanófonos) co gran modelo de referencia profesional, coas súas estrelas e os seus profesionais de referencia, todos eles provenientes dos medios de comunicación en castelán. Talvez bateron con unha responsabilidade sobre a lingua que non estaban en disposición de asumir. Talvez nunca tiveron contacto con outros modelos de oralidade que lles puidesen servir de referencia, porque nin as artes escénicas, nin as artes da oratoria política nin outros ámbitos en que se puidesen producir manifestacións do discurso oral público estiveron nin están en condicións de ofrecer modelos fiables nin personaxes de referencia. Talvez, en definitiva, porque tampouco nunca sentiron —nin senten aínda— a presión social necesaria para poñer en cuestión o que para eles son modelos aínda hoxe indiscutibles. Ao cabo, que valor pode ter o que diga un filólogo en relación co modelo real que poida ofrecer un profesional como, por exemplo, Iñaki Gabilondo?

Poida que haxa moito de discutible en todo o dito, pero dalgunha maneira cómpre indagar nas razóns polas que parece impoñerse inexorablemente un modelo de oralidade alienante, non identificado, fundado sobre bases lingüísticas e estilísticas propias doutra lingua. Da lingua cuxas interferencias en todos os niveis perfilan en parte as dimensións do conflito lingüístico.

A razón principal do aparente triunfo destes modelos alienantes cómpre descubri-la a partir da formulación dun principio que na nosa opinión inviste o discurso oral público galego des que dá en manifestarse. Refírome ao principio de distancia que rexe a relación entre os modelos de oralidade e os falantes, ou entre o discurso oral público e os discursos non formais que se producen entre os falantes. Esta distancia maniféstase en dúas dimensións complementarias. Por un lado, na separación entre os modelos de oralidade pública e o galego falado, o galego popular. Por outro lado, na diferenza entre os intereses, as percepcións, as necesidades, os conflitos de raíz sociolingüística e as políticas lingüísticas que veñen aplicando en Galicia as autoridades políticas, as anteriores e as actuais., e tamén moitas propostas normalizadoras de base realizadas por diferentes axentes e grupos sociais, etc. Este principio de distancia opera, pois, en dúas direccións relacionadas entre si, en dous camiños que en ocasións aparentan discorrer en paralelo pero que probablemente teñen unha relación máis profunda do que imaxinamos.

Desde o meu punto de vista, os problemas de autenticidade cos que batemos a miúdo nas mensaxes que configuran o discurso oral público están determinados pola ausencia de contacto real de cada un dos elementos que fan parte desas comunicacións orais cos posibles modelos realmente existen-

tes de lingua oral, é dicir, cos modelos que nos ofrecen os falantes. Esta falta real de contacto está cruzada tamén polos discutibles criterios que veñen guiando desde hai anos os diversos procesos de normalización lingüística. Non falamos xa só daquel disparate terrible alcuñado como “bilingüismo harmónico” que guiou durante décadas as intervencións no conflito lingüístico da administración autonómica cunha orientación claramente substitutoria. Falamos tamén de obxectivos que ninguén dubidaría de considerar normalizadores e tamén de políticas actuais, fundamentalmente orientadas a que a lingua galega adquiera prestixio en ámbitos non galegófonos. Sempre a discutible presenza abrumadora da necesidade de adquirir prestixio social. Está moi ben procurar que a lingua gaña prestixio social en ámbitos de dominio do castelán, é obvio, pero sempre coa condición de que non sexa ese o obxectivo único, nin sequera o principal, dunha política lingüística que, no caso da lingua galega, queira ser normalizadora. Porque entón estaremos colocándonos sistematicamente de costas á cerna dunha verdadeira política lingüística superadora do conflito, que sexa capaz de contribuír non xa a inverter tendencias, senón, antes ca outra cousa, a frealas. Refírome ás necesidades de orientar unha nova política lingüística cara ao reforzamento da lealdade lingüística dos falantes e por tanto cara a garantir a transmisión. Para iso cómpre actuar fundamentalmente no seo dos grupos sociais de falantes antes que nos ámbitos en que o galego, no mellor dos casos, é unha variedade funcional absolutamente litúrxica, inexistente practicamente nas situacións comunicativas habituais. Porque, xa o sabemos, unha lingua sen falantes tende a non existir, por moito prestixio que adquiera entre aqueles que non teñen a necesidade nin o desexo de a usar nin un minuto ao día.

Son varias as posibles causas desta distancia entre as políticas lingüísticas con afán normalizador —non conto entre elas o modelo de bilingüismo harmónico, por suposto—, todas cos seus niveis de influencia así mesmo nos modelos de oralidade de que estamos a falar, mais eu destacaría a mímese de modelos de políticas lingüísticas formuladas noutras nacións, como por exemplo en Cataluña. Non digo isto porque me pareza que non haxa nada de interese nas experiencias normalizadoras catalás, que obviamente si que hai experiencias interesantísimas, senón porque as dimensións sociais de ambas as linguas son radicalmente diferentes. Antagónicas, moitas veces.

Creo que este principio de distancia é importante para comprendermos cando menos parte das razóns polas que os modelos de oralidade dos nosos medios de comunicación se nos presentan cunhas características que non cualificaríamos de desexables. Con máis proximidade en moitos dos seus trazos lingüísticos ao castelán que ao galego. A distancia, parece evidente cando caracterizamos o discurso oral público galego como unha macroestruc-

tura con importantes problemas de autenticidade en relación co sistema lingüístico, é unha consecuencia facilmente observable. É, digamos, unha consecuencia lóxica cando falamos de alienación ou de falta de autenticidade ou de que o modelo de oralidade procede do castelán. Pero en realidade a importancia deste principio de distancia cómpre rastrealo no feito de actuar como unha das causas, quizais a máis importante.

Os medios de comunicación de Galicia non posúen un modelo de oralidade explícito, nunca foi codificado. En ningún sentido. Existe, por tanto, un modelo implícito hexemónico orixinado nun conxunto de causas importantes. Por un lado, a orixe castelanófona da inmensa maioría dos profesionais que actúan como emisores de mensaxes orais públicas. A carón desta característica, a lingua de instalación destes profesionais, sexan do ámbito que sexan, é o español case en exclusiva. Moitos destes profesionais, sexan xornalistas, actores, dobradores, etc., son monolingües en castelán fóra dos momentos en que lles toca emitir mensaxes públicas en galego. Noutros casos, aínda tendo certa competencia lingüística en galego, os profesionais desenvolven a maior parte das súas actividades sociais diarias en castelán. O medio cultural e social destas persoas é habitualmente castelanófono. Por outra banda, as referencias que estes profesionais posúen de posibles modelos de discurso oral público, de emisión de mensaxes orais públicas, proceden directamente e en exclusiva do castelán. O mesmo ocorre cos personaxes que se poderían adoptar como modelos de referencia profesional. A maiores, case nunca se percibe ningunha clase de presión para que os modelos hexemónicos de oralidade tendan a aproximarse a outros modelos lingüística e estilisticamente máis auténticos. Cabo de todos estes condicionamentos reais, existe unha distancia clara, por falta de contacto unhas veces e por descoñecemento noutras, entre estes mediadores na comunicación oral pública e a realidade da lingua que teñen que usar como ferramenta de traballo. Realidade da lingua en termos de coñecemento dos modos de expresión dos falantes e participación con estes en comunicacións orais directas. Probablemente moitos destes mediadores están tocados pola persistencia de prexuízos relativos aos modos de expresión dos grupos sociais que conservaron a lingua nos ámbitos máis restrinxidos e familiares. Sen dúbida, tamén é consciente o intento de evitar todo contacto entre uns modelos de oralidade pública que precisan ser percibidos como prestixiosos e uns modos lingüísticos e expresivos que estes mediadores (e non só eles) consideran vulgares e por tanto non aptos para se constituíren na base dun diferente modelo de oralidade para os medios de comunicación e para o discurso oral público galego no seu conxunto. Esta necesidade de distanciamento sentida por este grupo maioritario de mediadores, normalmente procedentes de ámbitos castelanófonos aínda que en moitos casos con competencia lingüística

aceptable, condúceos a actualizar as súas mensaxes conforme a normas e trazos estilísticos diferenciados dos modos orais que consideran vulgares e inadecuados. Pero non é este un trazo exclusivo só deste grupo de profesionais. Entre as minorías de mediadores procedentes de ámbitos galegófons tamén hai grupos que, ben por mimetismo, ben por acomodación aos modelos hexemónicos, ben por necesidade de ocultar a súa orixe lingüística, social e cultural, ben por razóns doutro tipo actúan de semellante maneira.

O modelo hexemónico de oralidade e o principio de distancia que o caracteriza non está formulado explicitamente nin é recoñecido sequera como modelo. A súa formulación, chegado o caso, farase por negación dun modelo de oralidade cun maior grao de autenticidade. Esta falta de autenticidade do modelo é inherente á orixe non galegófono dos profesionais, que ademais posúen unha limitada competencia lingüística en galego, fundamentalmente desde o punto de vista fonético. O seu escaso —ou inexistente— contacto coa lingua, coas diversas manifestacións da cultura, con grupos de galegófonos tamén incide nos trazos estilísticos que van caracterizando as mensaxes orais dos medios masivos.

De todas as maneiras, é conveniente salientar que non todos os profesionais dos medios se moven nos esquemas que vimos de describir superficialmente. Calquera que vexa un pouco a televisión ou escoite a radio poderá, con certa sorte, iso si, comprobar que tamén os nosos medios públicos contan con profesionais con boa competencia lingüística, procedentes seguramente de ámbitos en que o galego é a lingua habitual de instalación en todos os actos comunicativos familiares e sociais inmediatos. Son posibles, así, certos oasis de autenticidade, mais moi minoritarios en calquera caso e sempre sometidos a forzas que terminan por condicionalos. A inserción profesional destes emisores nun ámbito en que os modelos de oralidade están lonxe dos trazos que eles como falantes achegan tende a obrígalos a ir paulatinamente adoptando as formas de oralidade hexemónicas. Alén de todo iso, institucionalmente nunca son considerados como modelos reais de oralidade nin se lles recoñece ese valor profesional engadido. Máis ben, todo o contrario; as súas posibilidades de consideración e mellora profesional nunca están relacionadas co seu dominio das estruturas e dos recursos da lingua que manexan como ferramenta de traballo. Tamén sofren os efectos do principio de distancia, sempre presente.

Chegados a esta altura, seguimos a ter a sensación de estar repetindo un discurso vello, un discurso que, con máis ou menos matices e algunha pequena novidade, nos vén acompañando durante toda a nosa experiencia no interior da institución que, queréndoo ou non, achega os modelos máis firmes de oralidade ao discurso oral público que se vén xerando en todos

estes anos. Ao cabo, non falo máis que de cuestións que se formulan a diario en diferentes ámbitos como unha das críticas habituais ao funcionamento dos nosos medios públicos. Unha crítica á súa autenticidade lingüística. Unha crítica que moitas veces parte de boas intuicións pero adopta formas erradas, non fundamentadas, e en ocasións dá a sensación de ser unha moda que certos sectores están case que obrigados a seguir para manteren vivos discursos verdadeiramente tópicos arredor dos medios e da lingua. Unha crítica que a miúdo atopa o seu albo nun difuso concepto de corrección ao redor do que case cada falante pode ter a súa idea, pois o tal concepto non se dá desenvolto nin se explicita minimamente, ou, cando se fai, tende a arrodear con distanciamento tamén o problema principal para rozar aspectos secundarios, como o de certas interferencias léxicas que en realidade son simples anécdotas en comparación con trazos que afectan ao corazón mesmo do sistema fonolóxico. Esa crítica difusa só serve en ocasións para reforzar a distancia entre os propios medios, a lingua empregada por estes e os falantes; consecuentemente, os falantes tenden a perder calquera protagonismo nos procesos de comunicación social que lideran os medios masivos.

A verdadeira cerna do problema cómpre procurala, entendemos nós, neste principio de distancia que afecta aos modelos de oralidade e aos procesos de normalización coma se fosen dous mundos en paralelo, aínda que na nosa opinión están cruzados pola mesma liña, tócanse inevitablemente. Porque entre o ámbito da normalización lingüística e os modelos de oralidade hexemónicos existe unha relación de dependencia, directa, segundo a cal, na nosa interpretación, a distancia existente entre a lingua dos medios de comunicación e os falantes contribúe en certa medida a separar as necesidades e intereses dos falantes dos procesos de normalización, da idea mesma de normalización, do propio sentimento da súa necesidade. Dito doutra maneira, un discurso oral público distanciador pode ter efectos preocupantes nos procesos de substitución lingüística. O modelo que caracteriza as mensaxes orais dos medios masivos e dos profesionais aos que estes medios tenden a converter en referencia é interpretado como variedade culta de prestixio. Na medida en que un falante perciba que ese galego se arreda do que el fala, na medida en que perciba esa distancia real entre un e outro modelo oral, tenderá a manter como un pesado prexuízo a convicción de que a súa forma de falar segue sen ser válida para ser utilizada en ámbitos de prestixio ou como símbolo de ascenso na escala social. En ningún caso sentirá un apelo á lealdade lingüística. Nin sequera, a necesidade de manter o seu idioma mediante a transmisión aos seus fillos. Porque a lealdade lingüística funciona conforme á necesidade.

Cada vez que nos toca falar de modelos de oralidade, aboia sobre o noso discurso a realidade social na que vivimos, na que se desenvolve a vida da lingua que temos por nosa —e que a propia legalidade vixente declara como Lingua Propia de Galicia, mal que lles pese aos *creadores de opinión* (ese título tan totalitario). Cando achegamos algunha idea arredor dos trazos que ha de ter un modelo de oralidade identificado, con autenticidade en relación cos trazos distintivos do sistema, parecemos abocados a recorrer necesariamente a modelos lingüísticos que extraemos dos falantes socialmente menos considerados. Non é só unha sensación. Lembremos algunhas das máis famosas consideracións lingüísticas realizadas no seu momento polo actual Valedor do Pobo, elixido por unanimidade no Parlamento de Galicia, quen aínda hoxe non foi desautorizado por ningún dos tres partidos que operan en sede parlamentaria. Lembremos por un momento a súa caracterización do galego como lingua materna tremendamente fermosa que non deba ser imposta no ensino ou nas dobraxes de películas na TVG, ou sexa, que na súa opinión non é capaz de ampliar o seu repertorio de roles alén dos ámbitos estritamente privados e familiares, nos que, si, sen dúbida, é, coma calquera outra, unha lingua materna tremendamente fermosa. Lembremos aquelas tristes manifestacións públicas, nunca emendadas, porque nos serven para lembrar ao mesmo tempo que cando alguén caracteriza unha lingua con trazos humanos e lle outorga capacidades e incapacidades para operar en diferentes ámbitos sociais e comunicativos está en realidade ofrecendo unha visión —parcial, descoñecedora, folclorizante, inculta— dos seus falantes. Os prexuízos respecto ás linguas son en realidade xuízos de valor a respecto do grao de desenvolvemento social, cultural, económico e político dunha comunidade de falantes. Das súas posibilidades como comunidade e tamén do seu futuro. Apliquemos para nós o conto e quizais comprendamos moitas das razóns que explican o feito de que nestes vinte e tantos anos de funcionamento dos nosos medios públicos, é dicir, de desenvolvemento dun discurso oral público galego, o modelo hexemónico arraíce na distancia cos trazos distintivos da lingua que falan os galegos. Ou, dito ao revés, que non fomos capaces de converter en hexemónico un modelo de oralidade cuxa característica principal sexa a autenticidade, é dicir, a xénese no galego oral popular.

A cuestión da lingua en Galicia, pese ás aparencias e mesmo contra a idea que achegan certos sectores dun nacionalismo máis esencialista que político, non é unha cuestión nacional, senón, en realidade, unha manifestación de antagonismos sociais. Tamén podemos dicir que é unha manifestación da loita de clases, aínda que somos conscientes de que tal expresión non se corresponde ben coas modas ideolóxicas do momento. A ideoloxía

dominante non permite nin concibir xa a existencia de clases sociais e moito menos o seu inevitable antagonismo. Pero o feito de que o liberalismo non o admita non invalida a súa vixencia, que tende a manifestarse socialmente tamén nos usos lingüísticos e na diversidade de intereses que estes reflicten normalmente.

A lingua non é tampouco un fenómeno cultural se entendemos o adxectivo no sentido máis restritivo do termo. Constitúe un fenómeno cultural, claro, pero só na medida en que é un fenómeno social en toda a súa amplitude e complexidade. E como tal, a lingua expresa necesariamente os conflitos de intereses que se producen no interior dun corpo social.

Cando nunha comunidade hai dúas linguas en contacto, son elas mesmas e non as súas variacións internas as que tenden a expresar os conflitos existentes, que nestes casos poden ser máis agudos aínda, pois tamén expresan realidades culturais e consuetudinarias diferentes, ás veces difíciles de conciliar. En Galicia é probable que non haxa dificultades aparentes na convivencia de culturas e de linguas que as expresan. Mais non é esa a realidade profunda dunha nación cuxa lingua propia vai reducindo o número dos seus falantes por problemas de transmisión e cuxa cultura, como representación simbólica dun modo de vida e de organización social, pode estar ameazada dunha desaparición que viría a ocupar o lugar dunha necesaria transformación. A realidade é que o conflito entre intereses sociais antagónicos vén a se facer patente na necesidade que senten grupos de falantes de abandonar a propia identidade para ascender, só que sexa aparentemente, na escala social. En Galicia, a lingua galega, non teñamos reparo en recoñecelo, está estreitamente ligada ás capas sociais baixas da poboación, instaladas na Galicia rural e no proletariado urbano. A medida que imos ascendendo na escala social, imos perdendo contacto real (aínda que non necesariamente litúrxico) coa lingua e cos seus usos espontáneos.

Se o galego, polas razóns que todos imos coñecendo, accede a ámbitos dos que está evacuado desde hai tempo ou a outros aos que nunca antes accederá, encontrarase coa necesidade de adaptar un corpus lingüístico aos novos usos. Esta necesaria adecuación é máis ou menos doada, aínda que non carente de conflitos, cando afecta ao nivel escrito da lingua. Partirá da codificación dun modelo de estándar escrito que se socializará a través fundamentalmente do ensino e da administración pública. Nese caso, dado que a distancia entre a lingua escrita e a oralidade é importante e despoxa a codificación dos prexuízos ligados aos modos de falar das clases menos favorecidas, a aceptación social do modelo e mais a súa hexemonía son relativamente doadas.

Segue habendo durante certo tempo núcleos de resistencia ao feito de que unha lingua sometida a procesos de substitución e por tanto relegada a

variedade funcional para uso no ámbito familiar e coloquial gañe espazos de formalidade e de relativo prestixio. O reintegracionismo, no caso galego, é apenas unha manifestación de rexeitamento ao feito de que unha lingua propia das capas sociais máis baixas acceda a ámbitos para os que segundo parece non estaría preparada. Mesmo que constantemente demostre, como demostraría calquera lingua na súa situación, a súa total capacitación efectiva para ocupar calquera espazo social e para articular calquera clase de texto. O reintegracionismo é unha das máis evidentes manifestacións do principio de distancia. Nese caso, unha distancia ideoloxicamente explícita desde as súas primeiras formulacións aínda que disfrazada na subsunción do galego no portugués. Ou sexa, eliminación.

Cando a lingua accede a ámbitos en que se produce o discurso oral público, maiormente os medios de comunicación masivos, a necesidade de adecuación do corpus a eses novos roles xera un conflito que non se resolve sen problemas. Porque, consciente ou inconscientemente, aqueles prexuízos que colocaban a lingua galega nos ámbitos estritamente familiares, incultos, iletrados, coloquiais, que a mantiñan como variedade funcional incapacitada para a comunicación oral en situacións comunicativas novas, propias de estratos sociais máis formados, máis cultos, máis relacionados co progreso e coas culturas urbanas, perviven e tenden a actuar como forza de resistencia ante os procesos de adecuación da lingua ás novas realidades. Daquela, confírenlle ao modelo de oralidade novo moitas das características propias da outra lingua, da que xa demostrou durante moitos anos a súa adecuación ás mensaxes orais públicas dos medios de comunicación masivos. E mediante estas forzas de resistencia, tamén se lle retiran á lingua galega (ou se lle desfiguran) aqueles trazos distintivos que conforme aos vellos prexuízos fan dela unha lingua propia dos sectores sociais inferiores e dos universos menos contemporáneos: o acento, a entoación, os timbres e os encontros vocálicos, certos trazos morfolóxicos e sintácticos, etc. O principio de distancia transforma o que sería o lóxico modelo de oralidade nun modelo subalterno das referencias da outra lingua.

Posto que a práctica lingüística está inmersa no mesmo modelo ca a organización económico-social (a loita de clases e o colonialismo), a superación do conflito, é dicir, a normalización total do idioma, preséntase daquela como a liquidación da explotación clasista e colonial, como o triúnfo da revolución nacional democrático-popular.

Estas palabras non son miñas, aínda que as asino e creo que explican de forma evidente unha realidade social e lingüística coñecida. Corresponden ao parágrafo final do punto 2 da voz “Galego” da *Gran Enciclopedia Galega*. Sérvennos para concluír esta intervención porque nos sitúan diante

dunha realidade que algúns seguimos considerando necesario transformar. Ao mesmo tempo, obrígnanos a tomar posición ante os fenómenos lingüísticos que nos preocupan, como fenómenos sociais que son, e a adquirir conciencia da complexidade dos procesos de normalización lingüística que se conciban á marxe das condicións sociais en que viven as linguas e os seus falantes ou de costas a elas. E os modelos de oralidade dos medios de comunicación fan parte das nosas preocupacións, como en xeral todos os procesos de planificación do corpus, porque ao tempo que reflicten esas realidades sociais e os conflitos antagónicos de intereses que no seu seo se producen tamén son ferramentas quizais non suficientes pero si imprescindibles para avanzar no camiño da plena normalización da lingua. Ou, cando menos, para evitar retrocesos como o que pode significar o distanciamento entre os falantes e as diferentes variedades da súa propia lingua, a non identificación cos modelos de oralidade dos nosos medios públicos e, sobre todo, a perda de falantes por falla na transmisión. Mais ao citarmos ese parágrafo tamén queremos, contra o que poida aparentar, lembrar que a historia nos demostra que non camiña dunha maneira mecánica e preconcebida cara a un futuro mellor. Esa liquidación da explotación á que se alude no parágrafo, horizonte dun mundo máis xusto e libre e dunha Galicia dona de si e da súa lingua, pode cristalizar nun futuro pero tamén é posible que non sexa nunca realidade. A historia fana os seus suxeitos activos, non ningún mecanicismo absurdo. Por iso, no entanto, aqueles aos que nos preocupa a lingua na que desenvolvemos a nosa vida seguimos tendo tarefas inmediatas que acometer.

No caso dos modelos de oralidade dos medios de comunicación de Galicia, urxe, despois de todo este tempo, seleccionar un modelo de estándar oral, codificalo explicitamente e poñelo en funcionamento. Esa ten que ser, hoxe por hoxe, unha das tarefas primordiais do Servizo de Normalización da CRTVG que acaba de ser creado por fin. E ese modelo de oralidade codificado explicitamente, coñecido en todos os seus pormenores polos seus potenciais usuarios, debera así mesmo ser socializado para aló das fronteiras institucionais da CRTVG. Non nos corresponde a nós codificar o modelo de estándar oral para o galego, parece obvio. Pero o feito de os medios de comunicación públicos de Galicia seren potenciais difusores privilexiados desde estándar oral para o galego outórgalles unha responsabilidade de primeira orde non só respecto aos seus públicos potenciais (que é a totalidade da sociedade galega) senón tamén en relación con outros ámbitos en que se desenvolve o discurso oral público galego: a oratoria política, o discurso científico, profesionais de diferentes ámbitos, actores e outros grupos de profesionais con relación directa ou indirecta coas emisións da televisión e da radio galegas, etc.

A lingua galega non desaparecerá mentres siga vivo un só falante con capacidade, posibilidades e vontade de transmitir o seu idioma aos seus descendentes. Esa é unha razón fundamental para entendermos que non só os modelos de oralidade dos nosos medios de comunicación lle deben fidelidade aos falantes, senón que eses falantes, que hoxe son maioría, teñen que se converter na referencia fundamental deses modelos de discurso oral público.